



Concello de Vigo

235

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de xullo de 2012, adoptou o seguinte acordo:

24.- PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DA APR A-5-31 POULO. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 11483/411.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 16-07-2012, do Técnico de Admon. Xeral e da xefa de Planeamento e Xestión, conformado pola xerente de Urbanismo, visto así mesmo o acordo adoptado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 20-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Reforma Interior da «APR A-5-31 POULO», de iniciativa municipal, consonte a documentación elaborada por D.^a Marta Vilas Rodríguez, datada a xullo de 2012.

Segundo.- Ordenar a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia, e notificar de forma individual e simultánea aos propietarios dos terreos afectados.

Durante o mesmo prazo recabaranse das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos.

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación inicial e apertura do período de información pública na páxina de internet municipal, así como os documentos integrantes do Plan Especial de Reforma Interior da «APR A-5-31 POULO».

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de xullo do ano dous mil doce.

TS

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

